

## GALICIA NAS RELACIÓNS IBÉRICAS

RAMÓN VILLARES

*Universidade de Santiago de Compostela  
Consello da Cultura Galega*

O tema central desta táboa redonda é, certamente, un asunto complexo, que amosa ter moitos precedentes históricos de carácter controvertido ou que teñen actuado en direccións contrapostas. Dunha banda, na dirección de crear estereotipos e visións pexorativas duns pobos respecto doutros; e, doutra, tamén na dirección de producir correntes de admiración ou cando menos de comprensión da diferenza e dos valores peculiares, sexan simplemente literarios, sexan de carácter máis antropolóxico. En todo caso, non é posible dar conta de todo isto, de modo que apuntarei algunhas reflexións de orde xeral. Comezarei cunha constatación evidente. Como xa acaba de sinalar o profesor Barreiro, as relacións de Galicia cos outros pobos da Península, durante séculos, foron adversas non só cos casteláns, senón tamén cos portugueses. Os textos de autores da literatura española do Século de Ouro están inzados de referencias negativas ao galego, que ao seu xeito combateron o conde de Lemos, Sarmiento ou Rosalía de Castro. Desde o século XVI foi cuñada unha imaxe negativa do galego que sae da súa terra, que chega até o século XX, como amosa aínda de forma evidente a existencia de tantos estereotipos sobre os galegos na cultura non só española, senón tamén arxentina, onde en pezas de teatro e na prensa diaria se aludía con frecuencia a esta visión negativa do galego e da súa lingua e cultura, como ten analizado X.M. Núñez Seixas no seu recente libro *O inmigrante imaxinario*.

A título simplemente ilustrativo, e como proemio á miña intervención, engadirei unha referencia tirada dun texto epistolar de mediados do século XIX que presenta varios matices de interese. Trátase da *Correspondencia* de Juan Valera (Vol. I, 1847-1851) quen, nalgunha das súas cartas a Serafín Estébanez Calderón, escritas desde Río de Janeiro en 1852 e 1853, relata dous episodios significativos. Na residencia da diplomacia española había un criado que

estaba dado a Satanás, porque los niños [do embaixador] no hacen sino llamarle gallego. Y lo bueno es que el hombre no puede negar que es de

Galicia (...). Pero llamar aquí gallego a un hombre es la mayor afrenta y vituperio que puede imaginarse y hay muchos que sufren que los llamen ladrones, mulatos, indios bravos e hijos de puta, y en llegando a lo de gallego vienen a las manos. Y ahí la de Dios es Cristo... (8/09/1852)

Pero a imaxe despectiva do galego non se esgota nesta referencia epistolar do diplomático Valera. Varios meses máis tarde, volta a contarlle ao seu corresponsal español novas incidencias domésticas, co criado galego como protagonista, e aquí a visión de Valera engade un novo matiz:

El criado gallego es también muy benigno y de amorosa y blanda condición; pero a veces se amostaza y apalea a los negros, porque se burlan de él y le cantan coplas poniendole de tonto. Entonces él se venga para desagravio de su dignidad ultrajada y a cada palo o puñetazo que pega, derrama una lágrima, lanza un suspiro y grita con voz muy compungida y lastimera: ¡Meu Deus! ¡Que me veja en [sic] na precisão de facer isto! Y así sigue llorando amargamente y sacudiendo el polvo a sus burladores, los cuales no por eso escarmientan (8/04/1853)

As razóns polas que os negros da embaixada española no Río de Janeiro se expoñen a levar uns paos no lombo por insultar ao criado galego pertencen aos misterios do comportamento humano. Pero a anécdota de Valera ilustra algo fundamental sobre as relacións entre os pobos: que as imaxes cuñadas sobre eles, por ingravidas e inmateriais que parezan, teñen unha grande forza simbólica e que leva tempo seren mudadas ou mesmo arrombadas. Imaxes que tamén influen na percepción política que uns pobos teñen respecto dos outros á hora de afrontar a construción dunha estrutura política común, sexa baixo unha monarquía absoluta máis ou menos «composta», ou sexa baixo un réxime liberal e parlamentario máis ou menos unitario. As tradicións culturais son máis fortes do que parece. Xa o conde de Lemos, no seu *Búho gallego* (1622), fixo unha alegoría política sobre a posición de Galicia na «república das aves» da monarquía que segue a ter algunha virtualidade explicativa de problemas máis recentes. As imaxes que mutuamente uns pobos levan creado respecto doutros esconden, naturalmente, relacións de dependencia ou de conflito. Pero a súa permanencia dura máis do que as razóns primeiras que as motivaron.

\* \* \*

Con todo, este asunto levaríanos algo lonxe e non é do caso ocuparse del agora. O que sí me parece pertinente é facer algunhas observacións sobre a cuestión nacional na España do século XX e a posición de Galicia nese debate, para o que botarei man do pensamento de Castelao, que foi o autor galego que

máis amplamente tentou de construír un discurso global sobre a cuestión nacional peninsular, desde a súa condición de republicano e nacionalista galego. Ben é verdade que esta posición ideolóxica fixouse da forma máis nítida xa no exilio, unha vez perdida a guerra. Pero a súa traxectoria anterior, especialmente durante o período republicano, xa está claramente orientada á resolución dos dous grandes problemas que afrontou o galeguismo político na súa etapa de preguerra: construción de Galicia como autonomía política no marco da Constitución española do 31 e elaboración dunha idea de España desde a experiencia do galeguismo.

Cómpre comezar por advertir que todo o século XX en España está trezada de problemas vencellados á cuestión nacional, sexa á creación dun pensamento nacionalista español (ou de Estado), sexa á existencia de proxectos nacionais alternativos, que entran en confrontación coa estrutura política unitaria do Estado español. Dúas dictaduras políticas, como as de Primo de Rivera (1923-1930) e a de Franco (1936/39-1975), tiveron entre os seus obxectivos prioritarios a nacionalización por vía autoritaria dos españois. E unha guerra civil tivo entre os seus motivos profundos, alén dun conflito de carácter social e ideolóxico, un forte compoñente nacional. O perigo da «España rota» non foi menos mobilizador do que o da «España vermella». Castelao subliña en moitas das súas cartas escritas despois da guerra, estando xa en Buenos Aires, que «levo pensando moito encol dos problemas de España» e sempre abrolla como solución a eles unha alternativa política de carácter federal que parta do suposto da existencia de catro nacións na España. O asunto máis delicado está, sen embargo, na resistencia que advirte na posición de moitos españois, de moi diversa filiación ideolóxica, a admitiren esta realidade plurinacional.

Nun discurso que Castelao pronunciou en México en 1945 resume algúns destes problemas e permítenos entrar na cuestión. Cando foi a México para asistir ás sesións das Cortes republicanas no outono de 1945, tivo ocasión de participar nunha homenaxe a Lluís Companys celebrada naquela altura, na Universidade de México, canda moitos representantes ilustres do exilio catalán e non catalán, como Nicolau d'Olwer ou Santaló, o vasco Irujo, os republicanos Jiménez de Asúa, Augusto Barcia ou Fernando de los Ríos. No informe que Castelao lles manda ás forzas democráticas do interior, entre outras noticias sobre o exilio e situación política de moitos dos líderes exiliados, reproduce unha pasaxe desta intervención que, como dicía antes, resume cabalmente o problema nacional da España de mediados do século XX:

Eu creo que pronunciei un bó discurso ao lembrar a Companys como vítima dos que asesinandoio a el coidaron matar a Cataluña e rematei coas seguintes verbas: «Un ilustre político extranjero conocedor de la historia y la vida española [creo que se refire ao portugués Teixeira Motta] me dijo hace pocos días: 'España fue capaz de comprender el

misterio de la Santísima Trinidad, pero es incapaz de comprender el claro problema de sus nacionalidades'. Esto es cierto mirando a la España totalitaria; pero entre nuestros compañeros de exilio abundan desgraciadamente los que viven obsesionados por el temor a nuestro separatismo. El separatismo, señores, es obra de los separadores (...). Pero los acusados de separatismo estamos dispuestos a toda clase de sacrificios para defender la República y no dejaremos de luchar hasta verla restaurada en España (15/12/1945).

Segundo conta o propio Castelao, a recepción deste discurso foi moi desigual dacordo coa orientación política dos asistentes. O vasco Irujo mantivo teses semellantes, o socialista Fernando de los Ríos «mudou de cor», mentres que o tamén socialista e redactor da Constitución de 1931, Jiménez de Asúa, lle lanzou unha «puñelada cobarde» na súa intervención. Certamente, nas súa peripecia mexicana de 1945, Castelao decátase claramente da renuencia que «os repúblicos» españois, con Indalecio Prieto á cabeza, amosan verbo da estratexia seguida polos nacionalistas vascos, cataláns e galegos para manter a legalidade republicana e preparar o retorno a España trala previsible caída do réxime do xeneral Franco. Neste breve texto, Castelao reflicte unha situación do exilio republicano na que están contidos algúns dos problemas esenciais das relacións entre os pobos ibéricos.

Desde logo, na España do século XX hai un problema de construción nacional que modifica cualitativamente a situación herdada do século XIX, dos tempos dos provincialismos, da Rexurdimentos e Renaixenças e de rexionalismos políticos. Naquel contexto, as identidades nacionais non eran necesariamente excluíntes, de modo que era perfectamente posible a existencia do que Josep Maria Fradera ten chamado dobre patriotismo ou dobre lealtade. O *turning-point* desta cuestión prodúcese na crise do 98, cando se toma conciencia de que o Estado español (en canto que administración e proxecto nacional) é unha estrutura ineficaz, incapaz de facer fronte aos seu retos, cunha administración corrupta que quedou desarbollada pola galerna da perda das colonias ultramarinas. Sería a expresión do que lord Salisbury cuñou en 1898 como exemplo de «nacións mortas». A crise do 98 serve de constatación de que non existe nin estado nin administración, pero tampouco nación. Por tanto, hai un modo de reaccionar e querer rexenerar esta situación que se dá en moitas direccións.

Por unha parte, a resposta dáse reconstruíndo unha imaxe de nacionalismo español máis ou menos moderno á que respondería toda a tradición institucionista, que despois desemboca en parte no republicanismo, en parte tamén no socialismo, e algo no republicanismo moderado. E, doutra banda, hai unha emerxencia de proxectos nacionais alternativos, dos cales o catalán é o máis importante durante todo o primeiro tercio do século. A novidade é que no século XX, cando gran parte dos estados europeos culmina o seu proceso de

nacionalización, en España se dá esta bifurcación, desde un punto de vista político e tamén desde un punto de vista cultural. Ese problema culmina na República e podemos dicir que o 36 é a expresión suprema deste conflito. Castelao, por exemplo, nunha carta que lle escribe a Sebastián González en setembro de 1939, desde Nova York, apunta claramente nesta dirección: «a guerra non foi máis que unha loita entre o Centro e a Periferia». Pero este carácter central da guerra civil como conflito nacional tamén é evidente desde outras miradas, de raíz institucionista, como Sánchez Albornoz ou Menéndez Pidal. Por exemplo, Pidal, que volta a España no 1939, malia a súas dificultades co novo réxime, está satisfeito de que o trunfo de Franco impedise a «balcanización» de España en «bochornosas republiquitias», como lle confesa en carta particular a Américo Castro. O réxime franquista, pois, ten unha dimensión de unificación nacional, de proxecto nacional, que mesmo autores de orientación republicana e esquerdista comparten.

\* \* \*

E aquí voltamos ao misterio da Santísima Trindade, para o que autores como Alfonso Castelao ofrecen algunhas reflexións. Estas reflexións atópanse espalladas en diversos textos. En primeiro termo, no *Sempre en Galiza*, pero tamén nos seu *Cadernos* e de forma repetida, ás veces de forma literal, no seu abondoso epistolario dos anos de Bos Aires. En todas estas obras abrollan matizacións que son froito da experiencia política previa á guerra, da propia guerra, que o marcou moito, e logo da tristura do exilio. O modelo que Castelao propón para as relacións políticas dos pobos ibéricos podería expresarse, en termos moi simplificados, en dúas estratexias. Por unha banda, mediante un modelo restrito, no que o protagonismo corresponda ás tres nacións periféricas (Cataluña, Euxskadi e Galiza); e, doutra banda, mediante un modelo de acción máis amplo ou alargado, que sería a construción dunha nova realidade política, de ámbito ibérico, que denomina con frecuencia como *Hespaña*.

A estratexia que descansa na alianza entre os tres nacionalismos peninsulares sen Estado goza dunha notable tradición a través das relacións establecidas entre dirixentes e intelectuais ou de acordos políticos específicos. Abonde con lembrar as viaxes de Brañas e Murguía a Cataluña a fins do século XIX, a existencia dunha revista como *La España regional*, dirixida por Pella y Fargas, na que colaboraban rexionalistas como o navarro Arturo Campión ou o galego M. Murguía; a admiración que Losada Diéguez profesou toda a súa vida polo nacionalismo vasco; as relacións das Irmandades da Fala con Cambó en 1917, con viaxes mutuas a Galicia e Cataluña de irmandiños e catalanistas; a sinatura da Triple Alianza en 1923 ou a constitución do pacto de Galeuzca en 1933. Foi

na II República cando estas relacións «galeuzcanas» se fixeron máis estreitas, sobre todo entre Galicia e Cataluña. A viaxe de Castelao a Barcelona en 1933, con longas entrevistas tanto con Cambó como con Macià, daquela presidente da Generalitat, afortalaron esta relación, que Castelao conta en longa carta a Bóveda (14/08/1933).

A estratexia «galeuzcana» adquiriu unha nova orientación no exilio, cando se restaura a partir de 1941 o pacto Galeuzca, como lles anuncia aos galeguistas do interior en misiva do 1 de xaneiro do 1942: «teño a ledicia de comunicarvos que se reanudou o pacto de Galeuzca», asinado en Montevideo en «maio derradeiro». Nesta mesma liña, e por inspiración do *lehendakari* vasco no exilio, J.A. Aguirre, Castelao deu pulo á creación do Consello de Galiza, constituído en 1944, como expresión institucional da lexitimidade autonomista e republicana de Galicia. As relacións «galeuzcanas» comezaron a se enfriaren a partir de 1946, pero a súa memoria perdurou mesmo até datas recentes cando se reeditaron a través da coñecida como *Declaración de Barcelona* (1998), que non deixa de ser unha nova edición do vello pacto «galeuzcano».

A segunda aposta de Castelao, á que dedica boa parte dos seus esforzos no exilio americano e das súas reflexións ideolóxicas e políticas contidas no *Sempre en Galiza*, consiste na elaboración dun plano global para o conxunto da Península Ibérica, na perspectiva de que sexa derrubado o réxime de Franco e poida retornar a República a España. O resultado sería esa Hespaña (con hache) da que tanto gostaba o guieiro rianxeiro. Nunha carta ao *lehendakari* vasco, Aguirre, escrita a fins de 1943, resume con precisión estas ideas, que el agrupa en «catro puntos neurálxicos»: a) aceptación da Constitución de 1931, pero coa previsión de ser reformada; b) Goberno provisorio republicano, con recoñecemento dos gobernos autónomos de Cataluña e Euskadi (que xa tiñan Estatuto) e de Galicia (que fora plebiscitado en 1936); c) aceptación do carácter plurinacional de España, expresado nunha pluralidade de soberanías: «Soberanía nacional», sí; pero donde hay varias nacionalidades como en España, debe haber varias soberanías»; d) república federal «que poida atraer a Portugal».

Neste texto de Castelao, como en moitos outros coetáneos, hai moito de amargura pola derrota na guerra, e tamén unha notable utopía política sobre o futuro de España. Pero se algo resulta evidente é a diagnose sobre a derrota de 1939. A república non fracasara por facer a reforma agraria ou por modernizar o exército (malia a compañía de difamación de Azaña, acusado de o «triturar») ou por establecer os Comités paritarios ou por facer a lei de Defensa da República, senón que fracasara por razóns nacionais, por non articular debidamente o problema nacional español e por non ser máis decidida na aprobación dos Estatutos de Autonomía, nomeadamente o de Galicia, para Castelao unha das claves da derrota republicana.

E aquí vén unha das situacións que denuncia Castelao, que non vai ter solución e que é unha das razóns do seu desacougo, que é a constatación de que existe unha contradicción entre a lexitimidade republicana e a estratexia seguida polos exiliados republicanos. Para Castelao, o réxime republicano debía ser reconstruído tendo en conta o que él consideraba o cerne do seu fracaso: a resolución da cuestión nacional na Península Ibérica. Para os exiliados republicanos, os «repúblicos» da xerga castelaomiá, era máis importante España do que o propio réxime político republicano. Unha frase de Indalecio Prieto, pronunciada nas Cortes de México de 1945, resume o que Castelao máis repudiaba: «España está por encima de la República». Non é extraño, pois, que Castelao acabe identificando o «prietismo» como unha nova forma de «lerrouxismo».

Tanto a estratexia dos «galeuzcanos» como a dos exiliados republicanos (e socialistas, comunistas ou anarquistas) estaba guiada por unha idea central: derrubar o réxime de Franco e retornar a España. Cuestión que adquiriu un alto grado de probabilidade cando se produce a derrota das potencias feixistas en 1945 e a «moral política» da Resistencia, baseada nun amplo acordo a favor da democracia política, se instala nos principais gobernos europeos, nomeadamente en Francia e Italia. Con todo, o asunto era decidir de qué maneira e con qué réxime. Para os «galeuzcanos», como anunciaba a carta de Castelao de 1943, a solución pasaba por un réxime republicano federal no que confluían as catro nacións existentes en España e abrise as portas a Portugal. Para os republicanos e socialistas, a cuestión nacional era un aspecto claramente secundario, aínda que nos anos 1944/1945 fosen especialmente sensibles a estas demandas. A viraxe nesta estratexia comezouse a poñer de relevo a partir de 1946/47, cando se fixo patente a posibilidade de que o futuro de España fose monárquico e non republicano, e cando as chancelleries europeas (nomeadamente, o Reino Unido) apostaron claramente polo réxime de Franco como un mal menor.

Castelao non percibiu ou non soubo analizar estas mudanzas, tanto as producidas nos medios políticos do exilio (incluído o de vascos e cataláns), como na diplomacia internacional virada coa «doctrina Truman». A súa estada en París, como ministro no goberno de Giral, foi un continuo tormento, precisamente polas contradicións que sobre este goberno ían producindo aquelas mudanzas. O retorno de Castelao, en 1947, a Bos Aires, enfermo, amargado e triste, dálle unha dimensión épica ao persoeiro. Pero todos estes cambios deixaron ben clara a natureza utópica e mesmo visionaria que Castelao foi elaborando no exilio respecto de Galicia como nación autónoma e de Hespaña como república federal. Aínda que poida parecer algo presentista, non estaría de máis lembrar que algúns resultados da transición democrática da España post-franquista teñen moito que ver con aquelas decisións tomadas na

década dos anos corenta. Decisións que Castelao apenas entendeu e que, con todo, marcaron profundamente a evolución posterior do galeguismo no exilio, pero tamén no interior, que habería de seguir un camiño sensiblemente diferente.

Malia todas estas limitacións, hai dous aspectos da proposta de Castelao que son especialmente fecundas, mesmo olladas desde a realidade actual. A primeira delas é a idea de pluralismo cultural que agocha a reflexión sobre Hespaña, concibida como unha realidade que supera a Castela e a lingua castelán como marco referencial único ou mesmo hexemónico. Para Castelao, unha cousa era Castela e outra Hespaña, de modo que tan «hespañol» era Camões como Cervantes. Esta idea de Castelao, que foi combatida mesmo por escrito por exiliados como Claudio Sánchez-Albornoz cando acusa recibo do libro *Sempre en Galiza*, foi compartida por algúns outros ilustres exiliados, como Pere Bosch-Gimpera, autor dun memorable discurso pronunciado en 1937 na universidade de Valencia, titulado *España*, e dunha serie de artigos que reuniu no libro *La España de todos*. O propio título xa me exime de comentarios, pero non de engadir que o recoñecemento deste pluralismo cultural segue sendo unha asignatura pendente na España democrática actual.

O segundo aspecto que quero subliñar, e con isto dou cabo a esta intervención, é o feito de que Castelao, por primeira vez na tradición do pensamento nacionalista galego, trata de construír un discurso para España desde Galicia. Isto foi posible pola madurez que adquiriu o Partido Galeguista nos tempos da República, que o levou mesmo a se integrar no Congreso das Nacionalidades da Sociedade de Nacións, coa presenza de Plácido Castro en Berna en 1933. Pero tamén porque a conxuntura bélica e o ulterior exilio lle obrigaron a Castelao a manter estreitas relacións coa política española no seu conxunto. Neste sentido, aínda que tivese unha dimensión pouco máis que simbólica, que Castelao fose membro dun goberno republicano no exilio, a título de representante de Galicia, é a proba máis evidente desta dimensión española da figura de Castelao.

Comecei aludindo á forza dos estereotipos e das imaxes negativas sobre Galicia e os galegos como un indicio das resistencias que tradicións culturais e mentalidades colectivas presentan á hora de establecer concordias políticas. O asunto é vello, como se nos lembraba nesta mesma táboa redonda, pero non por iso deixa de ser susceptible de ser mudado ou superado. De feito, moitas das ideas pexorativas que teñen corrido sobre a natureza étnica e cultural dos galegos foron esvaídas co paso do tempo e coa madurez acadada pola súa cultura e as súas propostas políticas. Pero superada esta situación, fica aínda moito camiño por andar, para que as identidades culturais españolas sexan recoñecidas como tais.



A cuestión nacional na España de principios do terceiro milenio segue a ser asunto principal da axenda política cotiá. Os problemas son outros e outras as circunstancias. Pero a idea de que hai algo de misterio, sexa ou non como o da Trindade, nesta cuestión parece evidente. Algúns ilustres devanceiros, como Castelao, pensaron este problema á luz das urxencias e das necesidades da época, por máis que as solucións non fosen atinadas ou aceptadas. Pero alomenos fica en pé a idea de que España é pensable non só desde o centro, seño tamén desde a periferia. Paréceme ser esta a mellor conclusión, dita aquí en Barcelona, e no marco dunha reunión de estudosos sobre Galicia.